

Praza número: 25/4004

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Permanente Laboral

Área de coñecemento: Xenética

Departamento: Bioloxía

Centro: Facultade de Ciencias

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN

Sendo as 10 horas do día 29 de maio de 2025 e cumpríndose os requisitos que establece o art. 17.2. da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como o establecido na Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña, aprobada por Consello de Goberno o 7 de novembro de 2024, constitúese a comisión de selección do concurso arriba indicado, coa asistencia dos seguintes membros que manifestan que non están incursos en ningunha das causas de abstención previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, nin en ningunha das situacións que se poidan cualificar de conflito de intereses, establecidas no artigo 32.4 do Real decreto 678/2003:

Presidencia:	Horacio Naveira Fachal
Secretaría:	Ana María Insua Pombo
Vogal 1º	María Paloma Morán Martínez
Vogal 2º:	Inmaculada López Flores
Vogal 3º	Pedro Lorite Martínez
Rep. persoas traballadoras	Ramón José Muiño Boedo

A continuación, a comisión, segundo o apartado 7.8. e o anexo IV da Normativa indicada, establece os criterios para a valoración das probas, que se anexan como Acta de criterios de valoración e que se publicarán no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da Universidade da Coruña (UDC) con anterioridade á convocatoria para o acto de presentación.

INCIDENCIAS Á ACTA DE CONSTITUCIÓN

Ningunha incidencia

Rematado o acto, a presidencia dá por levantada a sesión. E para que conste, asino a presente acta como secretaría, coa conformidade da presidencia.

A presidencia,

Horacio Naveira Fachal

A secretaría,

Ana María Insua Pombo

Praza número: 25/4004

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Permanente Laboral

Área de coñecemento: Xenética

Departamento: Bioloxía

Centro: Facultade de Ciencias

ACTA DE CRITERIOS DE VALORACIÓN

Constituída a comisión de selección do concurso de méritos para a provisión da praza arriba indicada, coa asistencia de:

Presidencia:	Horacio Naveira Fachal
Secretaría:	Ana María Insua Pombo
Vogal 1º	María Paloma Morán Martínez
Vogal 2º:	Inmaculada López Flores
Vogal 3º	Pedro Lorite Martínez
Rep. persoas traballadoras	Ramón José Muiño Boedo

Procédese, de acordo co disposto no apartado 7.8 e seguindo as directrices establecidas no anexo IV da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña, aprobada por Consello de Goberno o 7 de novembro de 2024, a establecer e publicar no TEO da UDC os criterios de valoración nos que se fundamentará o devandito procedemento de selección, que serán os que a continuación se indican:

De acordo con as directrices do anexo IV da Normativa que regula a selección de persoal docente e investigador da UDC, os criterios de valoración establecidos pola comisión de selección para elaborar os informes individuais preceptivos por parte dos seus membros recollerán as seguintes. seccións: 1. Experiencia docente, 2. Experiencia investigadora e de transferencia, 3. Experiencia profesional e de xestión.

A experiencia docente e a experiencia investigadora e de transferencia valorarase por igual.

Na experiencia docente valorarase a docencia universitaria en titulacións oficiais e a calidade docente que incluírá a avaliación no programa Docentia, a elaboración de manuais e libros de texto con finalidade docente universitaria, a participación en proxectos e grupos de innovación, a realización de estadias docentes, a mobilidade docente, os premios e os recoñecementos docentes e a formación docente impartida e recibida.

Na experiencia investigadora e de transferencia valoraranse as publicacións científicas, as comunicacións en reunións científicas, as bolsas e os contratos pre e posdoutorais, a realización de estadias pre e posdoutorais, a dirección de teses de doutoramento, a participación en proxectos de investigación de convocatorias competitivas e en convenios de investigación, e a realización de accións de transferencia e divulgación.

Na experiencia profesional e de xestión valórase a actividade extrauniversitaria desenvolvida no ámbito da Xenética e o traballo desempeñado na dirección e xestión universitaria ou científica a través de cargos académicos, a coordinación de titulacións, a dirección de revistas ou editoriais científicas e a participación en axencias de avaliación.

Na valoración do proxecto docente terase en conta a adecuación do proxecto á descrición da materia na memoria do título, a calidade e a coherencia dos seus contidos, a súa calidade formal, ben como a



Praza número: 25/4004

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Permanente Laboral

Área de coñecemento: Xenética

Departamento: Bioloxía

Centro: Facultade de Ciencias

claridade na súa exposición oral e a capacidade de resposta ás cuestións que formule a comisión de selección.

Na valoración do proxecto investigador terase en conta a súa adecuación á especialidade de Xenética, a calidade e a viabilidade da proposta e o impacto científico-técnico esperado.

Rematado o acto, a presidencia dá por levantada a sesión. E para que conste, asino a presente acta como secretaria, coa conformidade da presidencia.

A presidencia,

Horacio Naveira Fachal

A secretaria,

Ana María Insua Pombo